

## CiTUS: From sensors to language



### Descrición

O CiTIUS forma parte das sete entidades acreditadas no programa de "axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do Sistema Universitario de Galicia". A axuda económica asociada a esta acreditación é unha das principais contribucións ao funcionamento estrutural do Centro.

Este Programa, dependente da *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria* da Xunta de Galicia, está cofinanciado pola Unión Europea, no marco do *Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020*, co obxectivo temático de promover o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e unha investigación de calidade.

### Obxectivos

Os obxectivos do CiTIUS para o período de vixencia da axuda estrutúranse en dúas categorías:

1. Retos Estratéxicos, que basicamente reflecten os obxectivos e accións establecidas no [Plan Estratéxico 2016-2018](#).
2. Retos Científicos, que inclúen os obxectivos científicos asociados ao seu proxecto estratéxico de investigación.

O proxecto estratéxico de investigación do CiTIUS para o período da axuda ten por título *From sensors to language* (dos sensores á linguaxe). Este proxecto trata de proporcionar resposta a algúns dos retos a abordar dende as Tecnoloxías da Información nos próximos anos. E faíno dende unha perspectiva integradora e multidisciplinar, como un proxecto que incumbe ao CiTIUS no seu conxunto, explotando a capacidade de colaboración dos investigadores nun contexto de obxectivos compartidos. Este proxecto estratéxico contribuirá a unha mellora da actividade investigadora do CiTIUS mediante a súa internacionalización, valorización e transferencia.

PO FEDER Galicia 2014-2020 "Unha maneira de facer Europa"

## INVESTIGADORES

**Investigador principal**  
Paulo Félix Lamas

## DETALLES

**Data de execución:**

01/07/2016 - 31/12/2019

**Financiado por**

Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do Sistema Universitario de Galicia, Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ED431G/08



PO FEDER Galicia 2014-2020 "*Unha maneira de facer Europa*"

## PUBLICACIÓNS

*Characterizing Quantifier Fuzzification Mechanisms: a behavioral guide for applications*  
Fuzzy Sets and Systems, 2018

## PROGRAMAS CIENTÍFICOS

Robots persoais

Computación avanzada

e-Saúde